

Vigo, 28 de xullo de 2022

D. Abel Caballero Álvarez
Alcalde do Concello de Vigo
Praza do Rei, 1
36202 Vigo

Estimado Alcalde,

Diríxome a ti para trasladarche, como representante da Xunta de Galicia, a miña preocupación por un asunto de grande importancia para o progreso desta cidade e para a calidade de vida dos seus habitantes: a posta en servizo para Vigo e para os vigueses e viguesas da nova estación de autobuses intermodal.

Como sabes, esa obra, á que a Xunta destinou un investimento de 18 M€, está rematada e recibida pola Administración autonómica desde o pasado 10 de xuño, pero non é posible iniciar o proceso para a súa posta en servizo pola falta de información oficial sobre a data na que o Concello de Vigo poñerá en servizo os accesos que fagan posible a circulación dos autobuses.

O traslado da actividade da estación de autobuses desde as instalacións da avenida de Madrid ata o novo complexo intermodal de Urzaiz é un proceso complexo que debe acompañarse da información suficiente aos usuarios e operadores coa anticipación necesaria para evitar incidencias e molestias. A Dirección Xeral de Mobilidade, responsable directa do operativo, estima un prazo necesario de 1 mes para que ese proceso se leve a cabo con seguridade.

Co fin de poder planificar de forma adecuada ese proceso, en diferentes ocasións dirixímonos ao Concello solicitando información oficial sobre a data prevista para a posta en servizo dos accesos á estación intermodal, así como sobre as autorizacións pertinentes do Ministerio de Transportes para a habilitación da conexión coa AP-9.



Lamentablemente, a pesar da insistencia da Xunta, estas peticións non foron atendidas e, transcorrido xa máis dun mes e medio desde a finalización da estación de autobuses, non dispoñemos da información imprescindible para a activación do proceso da súa posta en servizo.

A pesar da falta de confirmación oficial, o Concello de Vigo trasladou a través de diferentes vías a súa previsión de poñer en servizo parcialmente os accesos a finais deste mes de xullo. En consecuencia, desde a Xunta solicitámoslle novamente o pasado 27 de xuño, que confirmase oficialmente esa previsión e que a remitise acompañada das autorizacións necesarias para organizar, con polo menos 4 semanas de antelación, o traslado da actividade da estación de autobuses. Lamentablemente, tampouco nesa ocasión as nosas peticións foron atendidas.

Sería, en consecuencia, un xesto de deslealdade moi difícil de aceptar e comprender, que o Concello de Vigo procedese á posta en servizo do túnel de Lepanto sen informar coa antelación necesaria á Xunta de Galicia. E sería, sobre todo, motivo dun grave prexuízo para a cidadanía viguesa, privados inxustificadamente dunha nova estación de autobuses terminada moito antes.

Convencidos de que o transporte público é un dos grandes indicadores de benestar social, no Goberno galego fixemos unha aposta sen precedentes por este servizo esencial, materializada en iniciativas de tanto éxito social como o Plan de Transporte Metropolitano ou a tarxeta Xente Nova, coa que xa case 11.000 vigueses e viguesas menores de 21 anos viaxan gratis nos autobuses da Xunta, así como no transporte de ría cara a Cangas e Moaña.

Neste marco destaca especialmente o esforzo realizado pola Xunta por dotar a Vigo dun grande centro de transporte público que, desde un emprazamento estratéxico na cidade, permita concentrar nun único espazo o acceso ao autobús interurbano e ao ferrocarril de nova xeración, preparando así a urbe para recibir un AVE que, lamentablemente, aínda agardamos.



A estación intermodal de Vigo-Urzaiz (integrada pola nova terminal ferroviaria, o Centro Vialia e a nova estación de autobuses) xunto cos seus accesos, é, como todos os grandes proxectos, resultado dunha imprescindible colaboración institucional entre o Goberno galego, a Administración xeral do Estado e o Concello.

Sen perder iso de vista, é de xustiza tamén recoñecer que foi o papel decisivo desempeñado pola Xunta de Galicia o que fixo posible materializar a gran obra da estación intermodal de Vigo. De non ser pola Administración autonómica, esta actuación atoparíase en suspenso desde que en decembro de 2015 a Xustiza anulou o Plan Xeral de Ordenación Municipal, un instrumento de planificación esencial para a cidade que aínda non foi repostado.

O Goberno galego entendeu que Vigo non podía permanecer bloqueado e impulsou a aprobación dunha lei autonómica que permitiu desenvolver as iniciativas estratéxicas para o avance da cidade, entre elas a estación intermodal.

Vigo ten hoxe esa grande infraestrutura terminada, só pendente de completarse os accesos que se comprometeu a executar o Concello de Vigo e que acumulan un importante atraso que está a afectar ao conxunto do complexo intermodal.

A través deste escrito quero solicitarche, en primeiro lugar, que fagas un exercicio de responsabilidade cos cidadáns e de lealdade coas institucións, facilitando a información solicitada para poder organizar de forma inmediata a posta en servizo da estación de autobuses construída pola Xunta de Galicia ao servizo de Vigo e dos vigueses e viguesas. Da mesma maneira, tamén para demandar dese Concello todo o que estea na túa man para que os traballos se axilicen e conclúan o máis axiña posible.

Aproveito a ocasión para enviarche un cordial saúdo.

A delegada territorial da Xunta en Vigo

Marta Fernández-Tapias Núñez

Asinado dixitalmente

